

CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

ANUNCIO

Elección xuíz de paz substituto do Xulgado de Paz de Santa Comba

Expediente Tedec:2022/P002/000020

Asunto: Elección xuíz de paz substituto do Xulgado de Paz de Santa Comba

1. Por decreto de alcaldía nº 1504/2022 de data 07 de novembro de 2022 se aprobou:

Considerando a regulación específica contida na L.7/1985, 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX) e o Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, esta Alcaldía RESOLVE:

1º Convocar o procedemento para elección do Xuíz de Paz Substituto do Concello de Santa Comba segundo as seguintes bases:

Elección cargo xuíz de paz substituto

1º Obxecto

Elección do cargo de **xuíz de paz substituto do Xulgado de Paz de Santa Comba**, conforme aos artigos 101 e seguintes: 303,389 e 390 e concordantes da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX).

2º Solicitudes

Deberán dirixirse a Sra. Alcaldesa-presidenta do Concello de Santa Comba e presentarse no rexistro do Concello ou polo procedemento, segundo a Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP.

3º Condicións legais dos aspirantes

- Ser español e maior de idade.
- -Non estar incapacitado segundo o establecido no artigo 303 LOPX
- Non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da dita LOPX, no que sexa de aplicación aos xuices de paz.

4º.- Documentación que se xuntará coa solicitude .

- Documento nacional de identidade.
- Certificación do rexistro xeral de penados e rebeldes e declaración complementaria do artigo 2 da Lei 68/1980 sobre punto 1 de non atoparse inculcado ou procesado.
- Xustificante dos méritos que alegue.
- Profesión actual.

2º.- Publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción do Partido ou Xulgado do Decanato e no propio Xulgado de Paz (artigo 5 do Regulamento 3/1995 de 7 de xuño dos xuíz de paz).

Santa Comba, na data da sinatura dixital.

A, Alcaldesa

Asdo: Maria Josefa Pose Rodríguez